

# Actividades para a casa

Ola a tod@s! Aquí tendes algunhas suxestións para estes días.

Pero lembre que o máis importante é que vos coideades moito e que colaboreades na casa.



A mellor forma de aprender é xogando.

Na web <http://mundodemilu.org/es/> poderás acceder ao xogo online do proxecto “Viaxe ao Reino das Emocións” no que poderás crear as túas propias historias dándolle vida aos personaxes do conto.

Entra neste mundo con Draco e os seus amigos!

Máis info no [blog da Fundación Meniños](#).

## “As cartas da calma”



Na clase estamos elaborando “**A caixa da calma**”, pero non nos deu tempo a rematala. Estes días en familia poderían ser fantásticos para facer xuntos esta actividade. Animádesvos?

Aquí tendes o que necesitas:

### **Instrucións.**

Dentro das actividades do proxecto “Viaxe ao reino das emocións” este trimestre estamos elaborando na clase “A caixa das cartas da calma”.

Cada neno está facendo a súa caixa da calma na clase, pero falta por realizar as súas propias cartas , as cales, representan cousas que podemos facer cando estamos enfadados ou intranquilos : facer un puzzle, escoitar música, respirar, amasar plastilina...

Envíovos a folla co debuxo das cartas da calma ( os nenos xa as coñecen porque xa traballamos coas do proxecto no cole) . As instrucións son as seguintes:


- Poden debuxar eles as súas cartas se o prefiren, ou se non, poden imprimir as cartas da folla que se lle proporciona.
- Coloreamos as cartas con axuda.
- Na carta de contar ata 10 escribimos os números (podemos vela na páxina do proxecto)
- Recortámolas ou picámolas e as gardamos para levar a clase.

Ao final do trimestre levarán as cartas coa súa caixa para casa e así poder seguir traballando e xogando con elas.

Aquí tedes tamén a copia da páxina orixinal do proxecto onde se pode ver algunhas cartas con cor (non é necesario que sexan iguais, cada un que as pinte como queira).



MONTAR PEZAS  
DE CONSTRUCCIÓN



ESCOITAR  
MÚSICA



FACER  
UN PUZZLE



ABRAZAR  
UN BONECO



COLOREAR



AMASAR  
PLASTILINA

